

ORZAMENTOS 2024

FEGATRI

GASTOS: 455.341,94 €

Consumos de explotación		11.000,00 €
Gastos de persoal		167.768,28 €
	soldos e salarios	125.970,12 €
	seguridade social	41.798,16 €
Dotación para Amortización		15.075,02 €
Gastos de Competición e inscricións		58.000,00 €
Actividade Deportiva		55.400,00 €
	Menores	27.500,00 €
	Muller e Deporte	3.600,00 €
	Inclusión	800,00 €
	Outros colectivos (CGTD)	15.942,00 €
	Seleccións galegas	8.500,00 €
Competición Internacional		17.000,00 €
Premios e trofeos		19.250,00 €
Licenzas		1.000,00 €
Alugueres (local, reunións, outros)		3.000,00 €
Xuices e Oficiais		25.000,00 €
Dietas Xuíces e Oficiais		7.500,00 €
Servicios profesionais		5.000,00 €
Seguros		57.700,00 €
	Seguros accidentes e RC	55.000,00 €
	Outros seguros	2.700,00 €
Outros gastos (Luz, material oficina,..)		9.000,00 €
Comunicacións		1.500,00 €
Gts. Financeiros		1.206,64 €

INGRESOS: 455.341,94 €

Ingresos por Licenzas e canon		160.000,00 €
	Licenzas	145.900,00 €
	Canon	14.100,00 €
Ingresos por inscricións		53.000,00 €
Ingresos seguros		2.000,00 €
Ingresos colexio de xuíces e oficiais		29.500,00 €
Ingresos por sancións e accidentes		650,00 €
Ingresos por subvencións (**)		210.191,94 €

Detalle Subvencións()**

Convenio ordinario SXD	184.942,00 €
FETRI	18.000,00 €
Equipamentos correspondente a 2024	7.249,94 €
	210.191,94 €

Explicación orzamentos 2024

Os orzamentos presentados están baseados no fluxo do exercicio contable 2023, aínda sen pechar e nas expectativas de ingresos, sendo conscientes da situación global do deporte en Galicia e no resto do estado así coma o incremento de custes de produción xerais.

Para a súa elaboración partimos da previsión de ingresos, tomando en conta os ingresos relacionados coas amortizacións correspondentes a subvencións de equipamentos doutras tempadas. En canto ás cantidades das subvencións, as cales supoñen case a metade do noso financiamento, acaba de recibirse por parte da Secretaría Xeral para o Deporte a cantidade a percibir a través do convenio ordinario e faise unha estimación da percepción de subvención anual por parte da Federación Española de Tríatlon que dependerá do baremo final da nosa actividade en 2024; non obstante seguimos a traxectoria de ingresos dos últimos anos á hora de realizar as previsións.

Anotacións en relación ás diferenzas cos orzamentos doutras tempadas na súa presentación.

1.- A primeira cuestión a resaltar é a desaparición da conta Northwest Triman que non se incluíu en calendario en 2024 e polo tanto implica unha baixada de orzamento global en gasto e ingreso.

2.- En canto aos ingresos, debemos dividir en dúas as fontes de financiamento federativo. Por un lado os ingresos procedentes da actividade deportiva cos ingresos por licenzas, a organización de competicións e eventos e a prestación doutros servizos e por outro a aportación de subvencións. A día de hoxe seguimos traballando na procura de patrocinios privados pero non podemos confirmar ningún ingreso por este concepto a data de hoxe.

2.1 Detalle das subvencións, tal e como se indica previamente, nos próximos días pecharase o convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte polo que se realiza unha estimación en relación aos contactos mantidos coa mesma. En relación aos Ingresos da Federación Española, tense como referencia o percibido pola subvención a FFAA nos últimos exercicios, onde estivemos sempre entre as tres mellores federacións autonómicas e a contía foi semellante. Tamén se conta aquí os ingresos para o programa Amazonas e Lideresas no que participamos a través da área de Muller e Deporte e adquirimos novo compromiso para 2024. O importe de ingresos de equipamentos ven relacionado coa parte correspondente de imputación a esta tempada das subvencións de equipamentos recibidas entres 2021/2024.

2.2 En canto aos ingresos por licenzas e canon, se ben consideramos que haberá un aumento moderado do número de licenzas, non esperamos un incremento substancial dada a situación económica xeral e do deporte de xeito específico. A estimación económica está calculada en base ao número actual de licenzas e observase unha baixada nos ingresos debida á nova plataforma de licenzas de triatlón onde a cota nacional será cargada automaticamente pola FETRI.

3.-Na partida de gastos realizase unha presentación máis detallada, separando accións globais representativas que reflictan mellor o funcionamento da federación. Isto débese á petición da última empresa de auditoría, que solicitou un axuste das contas para 2023 e próximas tempadas, enfocando a contabilidade ao plan de Federacións deportivas e polo tanto aplicando a imputación por accións.

3.1.- O gasto en licenzas presenta unha diminución considerable, se ben a previsión é manter o número de licenzas. Esta baixada é debida á implantación da nova plataforma da Federación Española de Triatlón e a que a cota nacional será cobrada directamente pola FETRI, quedando nesta partida só a previsión dos gastos relacionados coas licenzas de menores e pentatlón moderno.

3.2.-En canto á organización de probas e mantense a mesma liña doutras tempadas, cos axustes ao calendario proposto a día de hoxe e á previsión de participación.

3.3 En canto aos seguros tamén temos unha baixada polo cambio da póliza de accidentes onde as primas baixan de xeito considerable. A data de hoxe estase pechando o seguro de responsabilidade civil polo que se estima o mesmo custe de 2023 ao igual que no resto de seguros federativos (furgonetas, local,...)

3.4 Nos servizos profesionais pode observarse unha diminución debida ao cambio de asesoría, se ben se suma o custe da empresa de asesoramento do protocolo de acoso que houbo que implantar legalmente en 2023 e mantéñense o resto de servizos de protección de datos, prevención de riscos...

3.5- Na partida de xuíces e oficiais aplicase á previsión a subida das cotas de quilometraxe aprobada e axústase a partida ao calendario oficial previsto, de competicións e eventos autonómicos, nacionais e internacionais, para a tempada 2024, incluídos os eventos de formación e xornadas.

